

# Cambios na xestión de IT a partir do 1 de decembro



Normativa

Mércores, 11 Novembro 2015 08:33

O Real Decreto 625/2014, de 18 de xullo, polo que se regulaban determinados aspectos da xestión e control dos procesos por incapacidade temporal nos primeiros 365 días da súa duración, introduciu modificacións na xestión da Incapacidade Temporal. O maior cambio que traía ese Real Decreto versaba sobre a expedición dos partes médicos de baixa, de confirmación e de alta. Para desenvolvelo ditouse a Orde ESS/1187/2015, de 15 de xuño, que regula con máis detalle os procesos de tramitación, expedición e funcionamento destes partes médicos, así como o control das situacións de incapacidade temporal. Esta Orde entrará en vigor o 1 de decembro de 2015.

O primeiro a destacar desta Orde é a introdución de novos modelos de partes médicos de baixa/alta e de confirmación da incapacidade temporal, os cales se poden ver nos seus anexos. Doutra banda, tanto o Real Decreto como a Orde clasifican os procesos de IT segundo a súa duración e en base a esta duración estimada (a estimación farase con referencia a unhas táboas elaboradas en función das estatísticas dos últimos anos) establécese cando deben expedirse os partes de confirmación da baixa médica:

- **PARTE DE BAIXA.** O persoal facultativo terá que escribir a duración estimada do proceso e as baixas clasificaranse en función desa duración:
  - **moi curta:** inferior a 5 días naturais
  - **curta:** de 5 a 30 días naturais
  - **media:** de 31 a 61 días naturais
  - **longa:** mais de 61 días naturais
- **PARTE DE CONFIRMACIÓN.** Dependendo da duración:

\* **Baixas de moi curta duración.** O/A traballador/a non terá que ir recoller a alta. O persoal facultativo emite a baixa e a alta no mesmo parte médico. O/A traballador/a poderá solicitar recoñecemento médico para o día da alta, se considera que non está inda recuperado/a.

\* **Baixas de máis de 5 días.** No parte de baixa sempre figurará a data da próxima revisión.

- **Curta** - 1º parte máximo 7 días, 2º e sucesivos 14 días
- **Media** - 1º parte máximo 7 días, 2º e sucesivos 28 días
- **Larga** - 1º parte máximo 14 días, 2º e sucesivos 35 días

**Modificación ou actualización do diagnóstico.** Emitirase un parte de confirmación co diagnóstico actualizado, a duración estimada e a data de revisión.

**Cambio de Servizo Público de Saúde que presta servizos.** Emitirase un parte de confirmación no que se recolla o novo servizo e a data da próxima revisión.

- **PARTE DE ALTA.** Pode ser por curación, melloría, recuperación da capacidade laboral, proposta de incapacidade permanente, inicio da situación de maternidade, ou comparecencia a revisión médica.
- **TRAMITACIÓN DOS PARTES ALTA/BAIXA E CONFIRMACIÓN.** Presentación na empresa pola persoa traballadora:

\* **Parte de baixa e confirmación,** en 3 días a partir da data de emisión.

\* **Parte de alta,** dentro das 24 horas seguintes á emisión.

\* **IT de moi curta curación,** parte de baixa/alta dentro das 24 horas da data de alta. Se a/o facultativa/o emite o 1º parte de confirmación (se se solicita revisión e a/o facultativa/o estima que non pode haber alta), dentro das 24 horas da emisión.

Desde a **CIG-Saúde** denunciámos que na tramitación do marco legal da regulación da xestión das Baixas Laborais non se escoitou as e os profesionais e non se teñen en conta os dereitos das e dos pacientes.

Diante da entrada en vigor da reforma están aínda moitos aspectos sen aclarar, como quen e en que momento ten a competencia para emitir a baixa, e en que condicións se fai o seguimento. Tampouco están dispoñibles as táboas de tempos medios de duración das baixas en función dos diagnósticos e das condicións dos postos de traballo, táboas que, ademais, non poden condicionar a capacidade do profesional para establecer a duración da baixa.

Coa posta en marcha desta reforma increméntase a burocratización do traballo das e dos médicos de Atención Primaria coa elaboración de informes repetidos que non garanten un mellor seguimento clínico das e dos pacientes e que só ten xustificación na presunción, non xustificada, de fraude xeneralizado por parte das traballadoras e traballadores.



Gústame  2